

acción
dVerán'13
Dos 9 aos 17 anos

CAMPAMENTOS



terás
que
vivilo!



XUNTA DE GALICIA

EDITA

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO

E BENESTAR

**Dirección Xeral de Xuventude
e Voluntariado**

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Maiz Creativos

IMPRIME:
Grafidez

DEPÓSITO LEGAL
C 454-2013

acción
dVerán'13
Dos 9 aos 17 anos

CAMPAMENTOS

terás
que
vivilo!



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
2013


acción **dVerán'13** Dos 9 aos 17 anos

VEN DE BALDE AO CAMPAMENTO!

Que tes pensado facer para estas vacacións? Queres asistir aos nosos campamentos de verán? E que che saia de balde? Só tes que presentar a túa solicitude de participación no sorteo das prazas por vía electrónica, na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo: <https://sede.xunta.es>.

Entre os que vos animedes, e sempre que resultedes adxudicatarios dunha praza nalgún dos campamentos, sortearemos 10 PRAZAS DE BALDE

Sorte!!!



INTRODUCCIÓN

A Consellería de Traballo e Benestar quere facilitarlle á mocidade galega o acceso a actividades de tempo libre. A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado pretende facer realidade este obxectivo a través da **Acción de Verán 2013**. Trátase dun programa de actividades que terá lugar nos meses de xullo e agosto, tanto en Galicia coma noutras comunidades autónomas.

Pódese participar, xa sexa individualmente ou en grupos, nalgún dos seguintes programas:

- Programas de actividades que se realizarán en Galicia.
- Programas de intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas.
- Campos de traballo en Galicia.
- Campos de traballo noutras comunidades autónomas.
- Campos de traballo no estranxeiro.

A información que incluímos neste folleto fai referencia ás quen-das das actividades que se realizarán en Galicia e aos intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas, regulados na *Orde pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2013* e se procede a súa convocatoria, e ao programa de oferta concertada, regulada na *Orde pola que se regula o uso de instalación xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar en réxime de oferta concertada durante a Campaña de verán 2013* e recollidas na páxina web: **www.xuventude.net**

PROGRAMA DE ACTIVIDADES QUE SE REALIZARÁN EN GALICIA

As prazas que ofertamos desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado nas nosas instalacións destínanse á realización dos seguintes programas:

Oferta concertada

É unha opción dirixida a asociacións, entidades prestadoras de servizos á xuventude, escolas de tempo libre e corporacións locais, entidades públicas ou privadas que realicen actividades coa xuventude e grupos de mozos/as galegos non asociados/as que programen, sen ánimo de lucro, actividades de tempo libre para un mínimo de quince persoas.

Facilitase o uso das instalacións xuvenís da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado para que poidan desenvolver os seus propios programas de actividades.

Programas de actividades promovidas e dirixidas pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado en instalacións galegas

Os participantes nestes programas disporán de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial.

O aloxamento será en albergues, residencias ou campamentos xuvenís.

Terán manutención en réxime de pensión completa, así como o material necesario para a actividade.

Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural encargárase de dinamizar todas as actividades.

Os participantes disporán de atención sanitaria de primeiros auxilios e dun seguro de accidentes e responsabilidade civil.

Con esta acción, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado pretende fomentar non só todo tipo de actividades lúdicas, senón tamén a promoción de hábitos de vida saudable, de convivencia, de respecto polo medio natural, de equidade de xénero e, en xeral, todo o que supoña potenciar os aspectos socioculturais, deportivos e formativos da nosa mocidade.

Discapacitados

Co obxecto de acadar unha adecuada distribución de prazas nos campamentos de integración organizados pola Xunta de Galicia, aqueles mozos e mozas que teñan unha **discapacidade igual ou superior ao 33% deberán participar** neste programa **a través da convocatoria que realiza todos os anos a Secretaría Xeral de Política Social, a través da Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia, e non poderán presentar solicitudes de participación no sorteo da campaña de verán.**

No caso de non cumprir co disposto no punto anterior, os rapaces non serán aceptados o día de incorporación ao campamento.

Centros de menores

As solicitudes relativas a mozos/as procedentes de centros de menores serán canalizadas a través da **Subdirección Xeral de Familia e Menores**, polo que non serán admitidas aquelas solicitudes que non veñan por esta vía.

PROGRAMA DE INTERCAMBIOS BILATERAIS CON OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

A proposta de intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas permite que os nosos rapaces e rapazas coñezan a realidade social e cultural das comunidades anfitrías, para o que convivirán con outros grupos e participarán na realización de actividades recreativas, turísticas, culturais, deportivas e outras.

Este ano realizaremos intercambios con **Álava, Castela e León, Estremadura, e A Ríoxa.**

PARTICIPANTES

Poden solicitar a súa participación nas actividades ofertadas os mozos e mozas nados no ano sinalado para cada actividade.

En canto á idade mínima e máxima para participar na Campaña de Verán 2013, cómpre destacar o seguinte:

- Os nados no ano **1995** non poderán cumprir 18 anos antes da finalización do campamento.
- Os nados no ano **2004** deberán ter cumpridos 9 anos ao inicio do campamento.

O incumprimento destas normas dará lugar á non admisión da solicitude.

Ningún participante poderá ser admitido en máis dun campamento por ano.

INCORPORACIÓNS

A incorporación aos campamentos e albergues de Galicia será por conta da persoa interesada o día de inicio da quenda correspondente, entre as 16:00 e as 19:00 horas. Non se admitirá ningún/ningunha participante despois deste límite.

Nas actividades que se leven a cabo noutras comunidades autónomas, será por conta da persoa interesada o traslado desde o seu domicilio ata Santiago de Compostela, ou ao lugar que se sinala como punto de saída, tanto o día de saída para a actividade coma o día de chegada desta.

No suposto de abandono da actividade ou expulsión do/a participante, será responsabilidade dos pais/nais ou titores/as legais o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que se ocasionen.

SOLICITUDES

A) A solicitude pode ser **individual** ou **múltiple**

- **Solicitude individual:** as persoas que queiran presentar solicitude individual de prazas deben utilizar o formulario que se incorpora como **anexo II** da orde reguladora (procedemento BS303A).
- **Solicitude múltiple:** as persoas que queiran presentar unha solicitude múltiple (e cumpran os requisitos para iso), deberán empregar o formulario que se incorpora como **anexo III** da orde reguladora (procedemento BS303F).

A solicitude múltiple admitirase para o suposto de ata catro irmáns/ás (equiparanse a este suposto os/as menores en situación de acollemento familiar).

Só se poderá empregar este tipo de solicitude para o caso de irmáns/ás que pidan a mesma instalación e quenda. Todos as persoas interesadas que figuren nunha mesma instancia deben cumprir os requisitos de idade esixidos para as instalacións e quendas solicitadas. O incumprimento do disposto por unha das persoas participantes suporá a exclusión de todas as que figuren nesa mesma solicitude. A solicitude múltiple ten efectos para a adxudicación da praza durante o sorteo e para xerar as listas de espera, pero no momento das adxudicacións desde a lista de espera xa se teñen en conta como individuais.

B) Hai dúas formas de presentar as solicitudes, por **vía escrita** ou **electrónica**:

- **Vía escrita:** as solicitudes deberán facerse no modelo oficial que corresponda, **anexo II** (procedemento BS303A) no caso de solicitude individual ou **anexo III** (procedemento BS303F), no caso de solicitude múltiple, que se poderán obter na guía de procedementos e servizos, no enderezo electrónico <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>, ou na **sede electrónica**, no enderezo <https://sede.xunta.es>.

Esta solicitude, xunto coa documentación requirida dirixirase á persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e **poderá presentarse** no rexistro da Consellería de Traballo e Benestar, sito no edificio administrativo da Xunta de Galicia en San Lázaro, en Santiago de Compostela, nos rexistros das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e

Benestar ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As persoas que presenten a súa solicitude polo procedemento de portelo único dos concellos ou por correo ordinario deben remitir, unha vez rexistrada, unha copia por fax ao número 981 545 843. Se a solicitude se presenta por correo, presentarase en sobre aberto para que na oficina de correos se faga constar o selo e a data antes do seu envío postal.

- **Vía electrónica:** Os interesados poderán presentar electronicamente as súas solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo: <https://sede.xunta.es>. No caso de solicitude individual presentarán electronicamente o formulario de solicitude do **anexo II** (procedemento BS303A) e no caso de solicitude múltiple presentarán o formulario de solicitude do **anexo III** (procedemento BS303F).

C) Tramitación da solicitude:

- **Cada mozo/a só** pode cubrir **unha solicitude** e elixirá, por orde de prioridade, **un máximo de cinco quendas** ou actividades. Cada quenda ou actividade vai identificada cun código no **anexo I** da orde reguladora.
- Os **datos do/a solicitante** deben ser os do mozo/a **que opta a participar nas actividades**. No caso das **solicitudes múltiples**, deberán cubrir os **datos de todos os/as irmáns/irmás que solicitan a súa participación (ata un máximo de catro)**.
- As solicitudes **deberanas asinar os/as pais/nais ou tiores/as** dos menores solicitantes.
- Se **o/a solicitante é galega/o non residente en Galicia**, na súa solicitude debe figurar, para as comunicacións, un enderezo nesta comunidade autónoma.
- A **duplicidade dunha solicitude** dará lugar á inadmisión de ambas, polo que o solicitante quedará fóra do sorteo.
- **Transcorrido un mes desde a publicación da orde reguladora**, a persoa interesada deberá **comprobar a recepción da súa solicitude** na páxina web www.xuventude.net, así como os posibles erros de mecanización que se cometesen co obxecto de proceder á súa corrección. Nesa páxina aparecerá un enlace para consultar os datos das solicitudes. Para ter acceso a estes, deberase

incluir o número do DNI do pai/nai ou titor que cubriu a instancia, así como a data de caducidade dese DNI. **Se os interesados atopan algún erro nos datos da solicitude ou non a atopan**, deben chamar a calquera dos números de teléfono da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que aparecen no **anexo V**. A comunicación dos erros deberá efectuarse, como data límite, **ata tres días antes do sinalado para a realización do sorteo**. Unha vez transcorrido ese día, contra os erros ou omisións de solicitudes non procederá reclamación ningunha.

- A presentación da solicitude implica a aceptación das normas do procedemento

D) Prazo de presentación:

O prazo para presentar as solicitudes será de **15 días naturais** contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde reguladora no Diario Oficial de Galicia.

ADXUDICACIÓN

A adxudicación pode ser:

- **Directa**, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.
- **Por sorteo, por medios informáticos**, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles. Neste caso o sorteo realizarase, ante notario/a, nos 45 días seguintes á data de publicación da orde reguladora. O **día concreto de realización do sorteo** anunciarase na páxina web de xuventude, **www.xuventude.net**, e tera lugar ás 12 horas dese día na sala de prensa da Consellería de Traballo e Benestar, na terceira planta das dependencias da devandita consellería, no edificio administrativo de San Lázaro en Santiago de Compostela.

Mediante este sorteo, cubriranse as prazas nas distintas actividades.

Así mesmo, dará lugar a unha **lista de espera** para cada unha das actividades e colocarse a cada participante nunha lista de espera para un campamento concreto, de entre as cinco opcións que solicitou.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado **fará público o resultado do sorteo**, incluídas as listas de espera, e confeccionará a correspondente lista de admitidos/as para cada quenda e actividade. O resultado do sorteo **publicarase na páxina web**

www.xuventude.net, onde se exporá a lista de admitidos/as a partir do día seguinte ao do sorteo. Para estes efectos, a presentación da solicitude implica a autorización para a publicación dos datos da persoa solicitante.

DOCUMENTACIÓN

Os participantes seleccionados deberán presentar, na xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar da provincia onde se vai desenvolver a actividade ou na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, no caso das actividades que se realicen fóra de Galicia, a seguinte documentación:

- Xustificación do pagamento.
- Fotocopia do DNI ou da folla correspondente do libro de familia, no caso de que non se autorice expresamente a comprobación de datos por medio do acceso telemático ao sistema de verificación de datos da identidade.
- Fotocopia do documento de afiliación á Seguridade Social ou seguro médico privado.
- Cuestionario médico-sanitario (**anexo IV** da orde de convocatoria).
- Declaración responsable de que sabe nadar

O **prazo** para presentar esta documentación será de **15 días naturais** contado desde o seguinte ao da realización do sorteo. No caso de que a referida documentación non fose presentada no prazo indicado, a praza ofreceráselle á persoa que se atope no primeiro lugar da lista de espera correspondente.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS ÁS LISTAS DE ESPERA

As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, por achegala fóra do prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo, ofreceránselles na **fase de reservas** aos/ás solicitantes que figuran nas listas de espera correspondentes. No caso de que se produzan baixas, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado ou o Servizo de Xuventude correspondente contactarán, seguindo a orde de lista, cos suplentes, mediante chamada telefónica. A apertura da fase de reservas publicarase na páxina web **www.xuventude.net**, cunha antelación mínima de cinco días.

Realizaranse 3 chamadas entre as 9:00 e 14:00 horas, que

quedarán rexistradas para a súa constancia. De non contactar coa persoa interesada, esta será dada de baixa e chamarase á seguinte na lista de espera. Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofrecida, deberán presentar a documentación requirida nun prazo de 48 horas; de non facelo así, a praza ofreceráselle á seguinte na lista de espera.

No caso de non presentar a mencionada documentación no prazo indicado, a praza será ofertada á seguinte persoa da lista de espera.

ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS DE RESULTAS

As prazas vacantes que non se cubrisen polos procedementos de adxudicación establecidos anteriormente serán ofertadas na **fase de resultados**. Estas prazas estarán expostas na páxina web **www.xuventude.net**, onde se anunciará a apertura da fase de resultados cunha antelación mínima de cinco días.

Poderá solicitar as prazas vacantes toda persoa que cumpra os requisitos de idade. A persoa interesada poderá efectuar a oportunidade reserva da praza, se hai vacantes, por teléfono, a través de calquera Servizo de Xuventude e Voluntariado das xefaturas territoriais ou da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Cada persoa só poderá facer a reserva, como máximo, de catro prazas para catro participantes.

A reserva de prazas poderase efectuar en horario de 9:00 a 14:00 horas, en días laborables, agás os sábados.

Unha vez efectuada a reserva de praza, o interesado disporá dun prazo máximo de 48 horas para presentar a documentación esixible (que poderá entregar en calquera das oficinas antes indicadas). En caso contrario, perderá o dereito á praza reservada.

No **anexo V** da orde reguladora indícanse os enderezos e teléfonos das oficinas administrativas a través das que pode efectuar a oportuna reserva de praza.

OBRIGAS DOS ADXUDICATARIOS

Os adxudicatarios das prazas están obrigados a:

- Incorporarse á actividade e a regresar polos medios e nos prazas establecidos.
- Non abandonar a actividade sen o permiso da persoa respon-

sable. En todo caso, o abandono da actividade antes da súa finalización requirirá a presenza dos pais/nais ou titores/as, e será responsabilidade destes/as o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que se ocasionen por tal causa.

- Respetar as normas establecidas polo equipos de animación, as normas de réxime interior das respectivas instalacións e, en xeral, as establecidas pola lexislación vixente na materia.
- A praza é intransferible.

PREZOS

Os prezos de aplicación para cada actividade e quenda son os recollidos no **anexo I** da orde reguladora, fixados de acordo co sinalado na *Orde pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á xuventude da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, durante o ano 2013*.

DESCONTOS

- **50%** para membros de **familia numerosa**.
- **25%** para os usuarios de **Carné Xove**.

Os descontos citados en ningún caso serán acumulables. Para a aplicación destes descontos as persoas solicitantes deberán indicar na solicitude, marcando a casilla correspondente, se teñen ou non o título de familia numerosa ou o carné xove, para a súa posterior comprobación pola administración.

DEVOLUCIÓN DE COTAS

Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente o interesado non puidese asistir á actividade, só terá dereito á devolución da cota no caso de que comunique a **renuncia** á praza **por escrito** e solicite a devolución da cantidade aboada polo menos **vinte días naturais antes do inicio da actividade**, ou cando, por causas non imputables ao interesado, non se preste o servizo ou a Administración anule a actividade.

No caso de renuncia a unha praza concedida e da posterior solicitude e adxudicación doutra en resultados, se a renuncia á primeira praza non se comunicou coa antelación de vinte días antes sinalada, terá que aboarse o importe íntegro da segunda praza, sen que se compense co prezo aboado pola primeira.

Todas as solicitudes de devolución de cota que non sexan pre-

sentadas, tal e como se indica no punto anterior, polo menos vinte días naturais antes do inicio da actividade, **serán denegadas**, independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude.

Para tal efecto, as persoas interesadas dispoñen dun modelo normalizado de solicitude de devolución de cota na orde de convocatoria (**anexo VI**), que se poderá obter na guía de procedementos e servizos, no enderezo electrónico <https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos-e-servizos>, ou na sede electrónica, no enderezo <https://sede.xunta.es>.

A solicitude deberá dirixirse ao/á xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar da provincia onde se vai a desenvolver a actividade ou ao director xeral de Xuventude e Voluntariado no caso das actividades que se desenvolvan fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, que serán os órganos encargados de resolver en cada caso.

EQUIPAMENTO NECESARIO

Útiles de aseo persoal, roupa axeitada (usada e cómoda), roupa de abrigo e chuvia, luvas, roupa deportiva, calzado forte e cómodo, sombreiro ou gorra, roupa de baño (bañador, toalla, gorro de piscina, protector solar), calzado deportivo e saco de durmir.

EQUIPO ACONSELLABLE


Mochila ou bolsa, lanterna, cantimplora, bolígrafo e caderno.

INFORMACIÓN

Poderase requirir:

- Na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.
- Nos servizos de xuventude e voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.
- Nas oficinas locais de xuventude e no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil-Santiago.
- Nas oficinas e puntos de información xuvenil da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.
- Na páxina web www.xuventude.net.





A CORUÑA

- 1 Albergue Xuvenil Marina Española (Bergondo)10
- 2 Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo).....10
- 3 Campamento Xuvenil Furelos (Melide)10
- 4 Campamento Xuvenil Virxe de Loreto
(Porto do son)11
- 5 Campamento Xuvenil Espiñeira (Boiro)11

LUGO


- 6 Albergue Xuvenil Area (Viveiro).....12
- 7 Albergue Xuvenil Benigno Quiroga (Portomarín) ..12
- 8 Campamento Xuvenil A Devesa (Ribadeo)12
- 9 Campamento Xuvenil Os Chacotes (Palas de Rei)..13

OURENSE

- 10 Campamento Xuvenil Penedos
de Xacinto (Entrimo)14
- 11 Albergue xuvenil Vilar de Ordelles (Esgos)14
- 12 Centro de Educación Ambiental Equal (Coles).....14
- 13 Estación de de montaña de Manzaneda14

PONTEVEDRA

- 14 Albergue Xuvenil As Sinas (Vilanova de Arousa) ...15
- 15 Campamento Xuvenil Pontemariil (Forcarei)15
- 16 Campamento Xuvenil Illa de Ons (Bueu)15



ALBERGUE XUVENIL MARINA ESPAÑOLA (Bergondo)

A MIÑA PRIMEIRA AVENTURA

ACTIVIDADES XERAIS: xogos tradicionais, actividades culturais, educación ambiental.

QUENDAS	ANOS DE NACEMENTO	COTAS	CÓDIGOS
1-8 xullo	03-04	113 €	150001
11-18 xullo	03-04	113 €	150002
21-28 xullo	03-04	113 €	150003
1-8 agosto	03-04	113 €	150004

DEPORTE E RECREACIÓN

ACTIVIDADES XERAIS: actividades deportivas (baloncesto, voleibol, balonmán, tenis) e xogos tradicionais (habilidades básicas de equilibrio).

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
11-18 agosto	01-02	113 €	150005

ALBERGUE XUVENIL DE GANDARÍO (Bergondo)

CONECTA CON GALICIA

Programa rotatorio de convivencia entre participantes galegos e outros procedentes da Galicia exterior, coa finalidade de dar a coñecer a realidade galega de xeito lúdico a través de experiencias nas que sexan protagonistas.

Hai dúas quendas:

QUENDA 1

Inclúe unha estancia de seis días no albergue xuvenil de Gandarío, Bergondo, A Coruña (días 1 a 6), e outros seis días na Residencia Xuvenil LUG II, en Lugo (días 7 a 12).

ACTIVIDADES XERAIS:

“O mar de Galicia”. Días 1º a 6º da quenda. Coñecemento do medio mariño a través de actividades relacionadas co mar.

“Cultura e camiño”. Días 7º a 12º da quenda. Coñecemento do patrimonio histórico cultural da zona de Lugo e percorrido de etapas do Camiño de Santiago (Camiño Francés).

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
1-12 xullo	95-96-97-98	222 €	150006

QUENDA 2

Inclúe unha estancia de seis días no albergue xuvenil de Gandarío, Bergondo, A Coruña (días 15 a 20) e outros seis días na residencia xuvenil Florentino López Cuevillas, en Ourense (días 21 a 26).

ACTIVIDADES XERAIS:

“O mar de Galicia”. Días 1º a 6º da quenda. Coñecemento do medio mariño a través de actividades relacionadas co mar.

“Cultura e camiño”. Días 7º a 12º da quenda. Coñecemento do patrimonio histórico cultural da zona de Ourense e percorrido de etapas do Camiño de Santiago (Vía da Prata).

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
15-26 xullo	95-96-97-98	222 €	150022



ACTIVIDADES NO MAR

ACTIVIDADES XERAIS: vela, táboa, canoa e coñecemento práctico da natureza mariña.

QUENDAS	ANOS DE NACEMENTO	COTAS	CÓDIGOS
1-12 xullo	98-99	232 €	150007
17-28 xullo	98-99	232 €	150008
2-13 agosto	99-00	232 €	150010
18-29 agosto	98-99	232 €	150012

VELA E TÁBOA

ACTIVIDADES XERAIS: técnicas básicas de navegación a vela, TDV (windsurf).

QUENDAS	ANOS DE NACEMENTO	COTAS	CÓDIGOS
17-28 xullo	95-96-97	232 €	150009
2-13 agosto	95-96-97	232 €	150011
18-29 agosto	95-96-97	232 €	150013

CAMPAMENTO XUVENIL FURELOS (Melide)

EN BICICLETA POLA NATUREZA

ACTIVIDADES XERAIS: bicicleta, tiro con arco, sendeirismo e orientación.

QUENDAS	ANOS DE NACEMENTO	COTAS	CÓDIGOS
1-12 xullo	98-99	207 €	150014
17-28 xullo	95-96-97	207 €	150015
2-13 agosto	99-00	207 €	150016



CAMPAMENTO XUVENIL VIRXE DE LORETO (Porto do Son)

NATUREZA XUNTO AO MAR

ACTIVIDADES XERAIS: kaiak, paddle surf, kaiak surf, iniciación á escalada e aula de bioloxía mariña.

QUENDAS	ANOS DE NACEMENTO	COTAS	CÓDIGOS
1-12 xullo	98-99	207 €	150017
17-28 xullo	98-99	207 €	150018
2-13 agosto	95-96-97	207 €	150019

CAMPAMENTO XUVENIL ESPÍNEIRA (Boiro)

CAMPAMENTO DE TEATRO

ACTIVIDADES XERAIS: dramatización, expresión corporal e desinhibición; obradoiros de formación e de observación; ensaios e propostas teatrais; técnicas de circo, malabares e habilidades de equilibrio.

QUENDAS	ANOS DE NACEMENTO	COTAS	CÓDIGOS
1-12 xullo	01-02	176 €	150020
17-28 xullo	01-02	176 €	150021



ALBERGUE XUVENIL AREA (Viveiro)

ACTIVIDADES NO MAR

ACTIVIDADES XERAIS: vela, windsurf e wake board.

QUENDAS	ANOS DE NACEMENTO	COTAS	CÓDIGOS
1-12 xullo	98-99	232 €	270001
17-28 xullo	97-98	232 €	270002
2-13 agosto	98-99	232 €	270003
18-29 agosto	98-99	232 €	270004

ALBERGUE XUVENIL BENIGNO QUIROGA (Portomarín)

XOGANDO NO ENCORO: A NOSA PRIMEIRA AVENTURA

ACTIVIDADES XERAIS: iniciación aos deportes náuticos de vela e piragua e bicicleta.

Na quenda do mes de agosto, realizaranse campamentos temáticos con posibilidade de practicar deportes náuticos segundo a situación hidrográfica do encoro.

QUENDAS	ANOS DE NACEMENTO	COTAS	CÓDIGOS
1-8 xullo	02-03-04	113 €	270005
11-18 xullo	02-03-04	113 €	270006
21-28 xullo	02-03-04	113 €	270007
1-8 agosto	02-03-04	113 €	270008

CAMPAMENTO XUVENIL A DEVESA (Ribadeo)

MULTIAVENTURA: MEDIO AMBIENTE E MAR

ACTIVIDADES XERAIS: escalada en rocódromo, tiro con arco, bicicleta e actividades náuticas.

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
1-12 xullo	99-00	176 €	270009

ACAMPADA AO CARÓN DO MAR

ACTIVIDADES XERAIS: escalada en rocódromo, tiro con arco, bicicleta e actividades náuticas.

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
1-12 xullo	01-02	176 €	270010

DEVESAVENTURA

ACTIVIDADES XERAIS: escalada en rocódromo, tiro con arco, bicicleta e actividades náuticas.

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
17-28 xullo	99-00	176 €	270 011

CAMPAMENTO SINTE GALICIA

ACTIVIDADES XERAIS: campamento de temática tradicional galega para mostrarlles aos participantes os costumes e as tradicións galegas a través da música e dos oficios artesanís.

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
17-28 xullo	01-02	176 €	270012



UNHA VIAXE A TRAVÉS DO TEMPO

ACTIVIDADES XERAIS: campamento de historia para coñecemento da historia de Galicia nun contorno natural.

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
2-13 agosto	01-02	176 €	270013

CAMPAMENTO SONS DA DEVESEA

ACTIVIDADES XERAIS: campamento de temática tradicional galega para mostrarlles aos participantes os costumes e as tradicións galegas a través da música e dos oficios artesanais.

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
2-13 agosto	01-02	176 €	270014

CAMPAMENTO XUVENIL OS CHACOTES (Palas de Rei)

MULTIAVENTURA NOS CHACOTES

ACTIVIDADES XERAIS: escalada en rocódromo, bicicleta e piscina (municipal).

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
17-28 xullo	98-99	176 €	270015

AVENTURA-T

ACTIVIDADES XERAIS: escalada en rocódromo, bicicleta e piscina (municipal).

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
2-13 agosto	99-00	176 €	270016

CAMPAMENTO XUVENIL PENEDOS DE XACINTO (Entrimo)

TEATRO E AVENTURA NA NATUREZA

ACTIVIDADES XERAIS: dramatización, expresión corporal e desinhibición; obradoiros de formación e observación; ensaios e propostas teatrais; técnicas de circo, malabares e equilibrio; piscina.

QUENDAS	ANOS DE NACEMENTO	COTAS	CÓDIGOS
1-12 xullo	02-03-04	176 €	320001
17-28 xullo	99-00	176 €	320002

AVENTURA E DEPORTE

ACTIVIDADES XERAIS: piscina, rocódromo, bicicleta e tiro con arco.

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
2-13 agosto	98-99	176 €	320003

CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL EQUAL (Coles)

CAMPAMENTO EQUAL

ACTIVIDADES XERAIS: obradoiros de ecoloxía, de comunicación e expresión, iniciación á hípica, pequenas rutas, xogos e veladas de animación.

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
1-8 xullo	02-03-04	113 €	320004

ALBERGUE XUVENIL VILAR DE ORDELLES (Esgos)

ACHÉGATE A RIBEIRA SACRA. LÁNZATE Á AVENTURA

ACTIVIDADES XERAIS: sendeirismo, tiro con arco, hípica (iniciación á doma natural), piscina e actividades temáticas nas que se terá en conta as historias do entorno.

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
11-18 xullo	99-00-01-02	113 €	320005

ESTACIÓN DE MONTAÑA DE MANZANEDA (Manzaneda)

MANZANEDA ALTA MONTAÑA

ACTIVIDADES XERAIS: golf, rutas BTT, escalada en rocódromo, piscina.

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
1-8 agosto	97-98-99	113 €	320006

ALBERGUE XUVENIL AS SINAS (Vilanova de Arousa)

ACTIVIDADES NO MAR

ACTIVIDADES XERAIS: vela, táboa, piragüismo, kaiak-polo, aula de natureza mariña e aula de informática.

QUENDAS	ANOS DE NACEMENTO	COTAS	CÓDIGOS
1-12 xullo	98-99	232 €	360001
17-28 xullo	98-99	232 €	360002
2-13 agosto	98-99	232 €	360003
18-29 agosto	95-96-97	232 €	360004

CAMPAMENTO XUVENIL PONTEMARIL (Forcarei)

A MIÑA PRIMEIRA AVENTURA

ACTIVIDADES XERAIS: piragüismo, piscina, bicicleta e rocódromo.

QUENDAS	ANOS DE NACEMENTO	COTAS	CÓDIGOS
1-8 xullo	02-03-04	101 €	360005
11-18 xullo	02-03-04	101 €	360006
21-28 xullo	02-03-04	101 €	360007

AVENTURA NA NATUREZA

ACTIVIDADES XERAIS: piragüismo, piscina, bicicleta e rocódromo.

QUENDAS	ANOS DE NACEMENTO	COTAS	CÓDIGOS
1-12 xullo	01-02	176 €	360008
17-28 xullo	99-00	176 €	360009
2-13 agosto	99-00	176 €	360010



CAMPAMENTO XUVENIL A ILLA DE ONS (Bueu)

AVENTURA NA ILLA:

ACTIVIDADES XERAIS: sendeirismo guiado, orientación, bicicleta, aula de natureza mariña e astronomía.

QUENDAS	ANOS DE NACEMENTO	COTAS	CÓDIGOS
1-8 xullo	00-01	101 €	360011
11-18 xullo	01-02	101 €	360012
21-28 xullo	00	101 €	360013
1-8 agosto	01-02	101 €	360014



INTERCAMBIOS BILATERAIS CON OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

01) ÁLAVA.....	18
Albergue Catedral de Vitoria-Gasteiz	18
Albergue Xuvenil Barría	18
Albergue Xuvenil Illa Zuhatza	18
02) CASTELA E LEÓN	19
Albergue Xuvenil Navarredonda de Gredos	19
03) ESTREMADURA	19
Campamento Xuvenil Emperador Carlos V.....	19
04) RIOXA (A).....	20
Albergue Xuvenil Ezcaray.....	20



ALBERGUE CATEDRAL DE VITORIA-GASTEIZ

COLONIA DE ROCK

ACTIVIDADES-OBRADOIROS: esta colonia está pensada preferiblemente para xente que teña inquedanzas musicais e de produción musical (son, vídeo e iluminación). É desexable que os/as participantes teñan algunha formación musical, saiban tocar algún instrumento ou canten, que formen parte dalgún grupo de música ou que estean interesados/as en formalo.

O aloxamento e manutención serán no albergue catedral de Vitoria-Gasteiz e a meirande parte das actividades e obradoiros desenvolveranse na sala de concertos Hell Dorado.

Falarase da historia do rock e dos seus distintos estilos, do seu contexto e relación con outros movementos sociais, de soportes musicais e de estética.

Haberá obradoiros de luminotecnia, arte en coiro, son (con gravación de maqueta), de expresión e interpretación, de fotografía dixital e vídeo-clips.

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
1-12 xullo	96-97	293 €	500001

ALBERGUE XUVENIL BARRÍA (ÁLAVA)

GAIA-CÓMIC

ACTIVIDADES XERAIS: esta colonia está pensada preferiblemente para mozos e mozas que teñan inquedanzas artísticas e ecolóxicas, orientadas cara á ilustración, ao cómic e ao interese polos debuxos animados. É desexable que teñan formación inicial no debuxo e certa sensibilidade medioambiental. Tamén vai dirixido a aqueles/as rapaces e rapazas cun nivel máis avanzado que contemplan realizar obras máis extensas.

O obxectivo é achegar o mundo do cómic aos/ás participantes e procurar o desenvolvemento da súa creatividade, as súas habilidades artísticas (narrativas e pictóricas) e de comunicación.

Fomentarase o desenvolvemento dunha conciencia ecolóxica, haberá actividades relacionadas coa práctica hortícola e realízanse obradoiros relacionados con “disciplinas verdes”.

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
1-12 xullo	95-96-97	293 €	500002

ACTIVIDADES DE MULTIAVENTURA

ACTIVIDADES XERAIS: piscina, iniciación hortícola, xogos, obradoiros medioambientais, excursións, actividades de deporte-aventura como escalada, tirolesa, tiro con arco, descenso de barrancos e/ou espeleoloxía.

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
1-11 agosto	98-99	274 €	500003

ALBERGUE XUVENIL ILLA ZUHATZA (ÁLAVA)

ACTIVIDADES Náuticas

ACTIVIDADES XERAIS: piragua, windsurf, pedalóns, remo, xogos e obradoiros. É un campamento perfecto para o coñecemento interpersoal e intercultural porque acudirán rapaces e rapazas de moitos sitios diferentes. Faranse saídas e excursións a Vitoria e a Donostia-San Sebastián ou Urdaibai.



QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
1-11 agosto	97-98-99	283 €	500004

ALBERGUE XUVENIL NAVARREDONDA DE GREDOS (Ávila)

MULTIAVENTURA

ACTIVIDADES XERAIS: rápel, tirolesa, escalada, parque de cordas, rutas BTT, excursión a un lugar de interese paisaxístico ou cultural, veladas, obradoiros, xogos de animación, trekking, vivaqueo ao raso ou refuxio.

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
1-12 agosto	99-00	293 €	500006



CAMPAMENTO XUVENIL EMPERADOR CARLOS V (Jerte-Cáceres)

DEPORTE E OCIO EN JERTE

ACTIVIDADES XERAIS: actividades de multiaventura, aire libre e itinerarios medioambientais, trekking e rutas, excursións, visitas de interese cultural, obradoiros, animación, xogos e veladas.

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
3-14 agosto	98-99	247 €	500005



ALBERGUE XUVENIL EZCARAY (A Ríoxa)

MULTIAVENTURA

ACTIVIDADES XERAIS: aula da natureza e aventura (tiro con arco, piragüismo, rápel e escalada), paseos a cabalo, excursións e actividades culturais. Os participantes poderán familiarizarse co inglés xa que se utilizará este idioma nalgunha actividade.

QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
1-12 xullo	98-99	293 €	500007

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

Edificio administrativo San Lázaro, s/n, 3.º andar

15781 Santiago de Compostela

Teléfonos: 881 999 025 - 881 999 194

981 957 115 - 981 544 838

981 544 851 - 981 544 840

Fax: 981 545 843

A CORUÑA

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Xuventude e Voluntariado

Avd. Salvador de Madariaga 9,1º (CC Elviña)

15008 A Coruña

Teléfonos: 881 881 240 - 881 881 241

881 881 243 - 881 881 244

Oficina Local de Ferrol

Edificio Administrativo.

Praza Camilo José Cela, s/n, 1.º

15403 Ferrol

Teléfono: 981 337 290

**Centro Coordinador de Información
e Documentación Xvenil**

Praza do Matadoiro, s/ns 0

15781 Santiago de Compostela

Teléfonos: 881 997 604 - 881 997 605

881 997 606

LUGO

Xefatura Territorial de Lugo

Servizo de Xuventude e Voluntariado

Rolda da Muralla, 70

27001 Lugo

Teléfonos: 982 294 224 - 982 294 251

982 294 923

OURENSE

Xefatura Territorial de Ourense

Servizo de Xuventude e Voluntariado

Avda. da Habana, 81, baixo

32004 Ourense

Teléfonos: 988 386 120 - 988 386 116

988 386 113 - 988 386 118

PONTEVEDRA

Xefatura Territorial de Vigo

Servizo de Xuventude e Voluntariado

Rúa Concepción Arenal, 8, 1.º andar

36201 Vigo

Teléfonos: 986 817 078 - 986 817 781

986 817 656

Oficina Local de Pontevedra

Rúa Fernández Ladreda, 43, 4.º andar

36003 Pontevedra

Teléfonos: 986 805 530 - 986 805 531

